

Por medio da presente circular infórmase a todo o profesorado de inglés dos centros de ensino medio que a estrutura do exame da nova materia das ABAU *Segunda Lingua Estranxeira: Inglés*, será a mesma que a do exame da *Primeira Lingua Estranxeira: Inglés*, agás pola pregunta de audición que desaparece, e pola modificación do valor das preguntas 4 e 5 para adecuar a puntuación total do exame a 10 puntos.

A estrutura desta proba queda como sigue:

- 1.- As preguntas 1, 2, 3 e 6 quedan igual que no exame de *Primeira Lingua estranxeira: Inglés*
- 2.- A pregunta nº 4 Pronunciation, que ten catro apartados valerá 2 puntos (0,5 cada un).
- 3.- Á pregunta nº 5 engádeselle un apartado mais pasando a ter catro e valerá 2 puntos (0,5 cada apartado)
- 4.- Non hai pregunta 7 listening

O grao de dificultade do exame axustarase aos contidos establecidos no currículo de 2º de Bacharelato para a *Segunda Lingua Estranxeira*.

Nesta mesma páxina da CIUG incluimos un exemplo de exame de esta materia no que se poden ver todas as modificacións.

O grupo de traballo de Inglés